

XXX , en representación da Fundación
Montescola

Reclamante: XXX, en representación da Fundación Montescola
Expediente. Nº **RSCTG 22/2024**

ASUNTO: Resolución da Comisión da Transparencia de Galicia na reclamación presentada ao amparo do artigo 28 da Lei 1/2016, do 18 de xaneiro, de transparencia e bo goberno

Vista a reclamación presentada por XXX, en representación da Fundación Montescola mediante escrito do 6 de febreiro de 2024, e considerando os antecedentes e fundamentos xurídicos que se especifican a continuación, a Comisión da Transparencia na sesión celebrada o día 27 de Febreiro de 2024, adopta a seguinte resolución:

ANTECEDENTES

Único. XXX , en representación da Fundación Montescola, presentou, mediante escrito do 6 de febreiro de 2024, con entrada no rexistro do Valedor do Pobo o 7 de febreiro de 2024, unha reclamación ao amparo do disposto no artigo 28 da Lei 1/2016, do 18 de xaneiro, de transparencia e bo goberno, contra a falla de contestación pola Entidade Pública Empresarial Augas de Galicia á súa solicitude de acceso a consulta do expediente de outorgamento da concesión de aproveitamento de augas da Central Hidroeléctrica de Caboeiro, no río Deza, Expediente 5/244/28, solicitada en 28/06/1900

FUNDAMENTOS XURÍDICOS

Primeiro. Competencia e normativa

O artigo 24 da Lei 19/2013, do 9 de decembro, de transparencia, acceso á información pública e bo goberno, de carácter básico na súa práctica totalidade, establece que contra toda resolución expresa ou presunta en materia de acceso á información, poderá interpoñerse unha reclamación ante *o Consello de Transparencia e Bo Goberno*, con carácter potestativo e previa a súa impugnación en vía contencioso-administrativa. Esa mesma lei, na súa disposición adicional cuarta, establece que a resolución da reclamación prevista no artigo 24 corresponderá, nos supostos de resolucións ditadas polas Administracións das Comunidades

autónomas e o seu sector público, e polas Entidades Locais comprendidas no seu ámbito territorial, ao órgano independente que determinen as Comunidades Autónomas.

O artigo 28 da Lei 1/2016, do 18 de xaneiro, de transparencia e bo goberno, establece que contra toda resolución expresa ou presunta en materia de acceso á información pública, poderá interpoñerse unha reclamación ante o Valedor do Pobo, correspondendo á Comisión da Transparencia, de acordo co disposto no artigo 33, a resolución das devanditas reclamacións.

Segundo. Procedemento aplicable

O artigo 28.3 da citada Lei 1/2016 establece que o procedemento de reclamación axustarase ao previsto nos parágrafos 2, 3, e 4 do artigo 24 da Lei 19/2013, que establece que as reclamacións contra resolucións en materia de acceso á información, que ten carácter potestativo e previo á impugnación en vía contencioso-administrativa, axustarán a súa tramitación ao disposto na lexislación de procedemento administrativo común en materia de recursos.

Terceiro. Análise do expediente

O artigo 24 da Lei 19/2013 establece que fronte a toda resolución expresa ou presunta en materia de acceso a información poderá interpoñerse unha reclamación con carácter potestativo e previo á súa impugnación na vía contencioso-administrativa.

Esta reclamación interporase no prazo dun mes a contar desde o día seguinte ao da notificación do acto impugnado ou dende o día seguinte a aquel no que se produzan os efectos do silencio administrativo.

No presente caso, tal e como consta no selo do Rexistro Xeral da Xunta de Galicia, o interesado presentou a súa solicitude de acceso no Rexistro electrónico da Xunta de Galicia o 7 de xaneiro de 2024, e a reclamación contra a falla de contestación á dita solicitude tivo entrada no Rexistro do Valedor do Pobo o 7 de febreiro de 2024, por tanto antes de que finalizase o prazo para que Augas de Galicia dese resposta á solicitude de acceso á información, xa que o primeiro día para poder presentar a reclamación era o día 8.

De acordo co anterior, non transcorreu o prazo dun mes que establece o artigo 27.4 da Lei 1/2016, desde a recepción da solicitude por Augas de Galicia, órgano competente para resolver, ata a interposición da reclamación polo interesado, procedendo en consecuencia, a inadmisión da reclamación presentada por tratarse dun acto non susceptible de recurso, de conformidade co disposto no artigo 116.c) da Lei 39/2015, do 1 de outubro, do procedemento administrativo común das administracións públicas..

ACORDA

Único: Inadmitir a reclamación presentada por XXX, en representación da Fundación Montescola, contra a falla de contestación pola Entidade Pública Empresarial Augas de Galicia á súa solicitude de acceso a consulta do expediente de outorgamento da concesión de aproveitamento de augas da Central Hidroeléctrica de Caboeiro, no río Deza, Expediente 5/244/28, solicitada en 28/06/1900.

Contra esta resolución que pon fin á vía administrativa unicamente cabe, en caso de desconformidade, interpoñer recurso contencioso-administrativo no prazo de dous meses, contados desde o día seguinte á notificación desta resolución, ante a Sala do contencioso-administrativo do Tribunal Superior de Xustiza de Galicia, de conformidade co previsto no artigo 10.1 da Lei 221/1998, do 13 de xullo, reguladora da xurisdición contencioso-administrativa.

Santiago de Compostela

María Dolores Fernández Galiño
Presidenta da Comisión da Transparencia.